

Citas co aire

Son teimudas e persistentes as partículas que forman a memoria, porque, como repara un dos seus protagonistas de Unha cita co aire, vivimos nun tempo no que as lembranzas son máis duradeiras cá paisaxe. Velaquí o *leitmotiv* da última achega narrativa de Francisco Fernández Naval, un narrador importante do noso sistema literario, consolidado desde que no ano 1988 recibira o Premio Xerais pola súa novela *O bosque das antas*. Un autor, con todo, que é capaz de resistir as urxencias de publicar un libro cada ano.

Fernández Naval é un escritor atraído polos conflitos interiores dos seus personaxes, habilmente expostos por medio de diversas técnicas narrativas, en especial, o monólogo interior. Narrativa con escaseza de acción; o interese do narrador céntrase na análise minuciosa do que acontece na mente e no corazón dos seus personaxes, que se convierten así nun dos piares fundamentais do relato. *Unha cita co aire* é unha confirmación destas liñas mestras dunha escrita que se insire claramente na literatura de sentimentos, na introspección, neste caso da psicloxía masculina, e no exame das claves da amizade.

A trama céntrase na historia de dous amigos, Gabriel e Abelardo, e ten na memoria, na materia do tempo, á vez o seu engado e o seu grande desafío. Os pousos da amizade entre Gabriel e Abelardo, un xornalista e un fotógrafo que se coñecen sendo o primeiro aprendiz de xornalista e o segundo de boxeador, abrollan na mente de Gabriel, imponse e conviven coa actualidade do presente narrativo, especialmente desde que acepta a encomenda de Abelardo

A constancia do pasado



FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS



de recibir as súas cinsas e ceibalas coa chegada do novo século sobre o río desde a Ponte Vella de Ourense. Desde este presente, o protagonista fica vencellado ás lembranzas. É a forza da memoria, a constancia do pasado que, sen esixir a existencia de segundas voltas, acaba por regresar, logo de estar agochado durante un tempo, e xa non nos deixa. Na relación de amizade dos dous protagonistas amósasenos unha verdadeira aprendizaxe da vida, como tal: que o mundo está cheo de reviravoltas, que a existencia é un zigzag, tan irregular e quebradiza como o voo dos morcegos. E neste imperio das lembranzas tamén aparecen reflectidos os difíciles momentos do tempo da transición da ditadura á democracia, tempo de espe-

ESTAMOS DIANTE DUN
TRABALLADO
EXERCICIO DE
MERGULLO NOS
SEGREDOS DAS

RELACIÓNS SENTIMENTAIS

ranza, pero tamén de represión, entre outros, sobre os homosexuais obrigados a realizaren difíciles manobras para viviren a súa sexualidade. E así mesmo, as covardías, as derrotas sen batalla, os amores medoñentos, os carreiros da rutina.

Nesta liña, *Unha cita co aire* é un bo exercicio de mergullo nos segredos das relacións sentimentais, sen excluír os máis escuros recunchos nos que fican agachados os soños, os desexos insatisfeitos, as vans ilusións e, sobre todo, as lembranzas que, como ratas, empurran por saíren á luz. Este memorial, escrito en estrutura aberta e fragmentaria, é, malia algúns altibaixos na súa tensión narrativa, unha novela de longo alento que a pericia dun autor experimentado estea con habilidade na transmisión da nostalgia do pasado e na forza dos seus personaxes principais, verdadeiros motores da trama.

Unha ollada á forma da novela non pode deixar de subliñar a estrutura aberta e fragmentaria da mesma, un tratamento axeitado do tempo que liga e superpón constantemente, sen provocar confusión no lector, dous intres temporais: o pasado e a actualidade. Non esqueceremos por último que *Unha cita co aire* é, desde o punto de vista estilístico, un produto presentado nunha linguaxe natural que aproveita, con todo, as ocasións propicias para o lirismo e para o emprego dunha lingua poderosa que atopamos noutras obras do autor, en especial cando se achega aos nosos mitos ou a nosas paisaxes.

FERNÁNDEZ NAVAL, F. X., *Unha cita co aire*, Ed. Galaxia, Vigo, 2005, 204 páxinas